

Antón Avilés de Taramancos e a ruptura do marco xeracional¹

Antón Avilés de Taramancos and his breaking from his generation

Martín VEIGA

Irish Centre for Galician Studies. Univerity College Cork
m.veiga@ucc.ie

RESUMO

Antón Avilés de Taramancos viviu en Colombia desde 1961 a 1980. Esta longa estadia neste país tivo moitas influencias literarias. Nomeadamente tivo que ver co desenvolvemento das características literarias que dificultan encadralo nunha determinada xeración. Cronoloxicamente pertence á chamada xeración das Festas Minervais, mais a poesía que escribiu despois da volta a Galicia comparte elementos estilísticos con algúns poetas da xeración dos oitenta. Esta aparente contradición percíbese na maneira en que esta importante figura da poesía galega contemporánea sobresa do marco xeracional común de referencia.

VEIGA, M. 2003. «Antón Avilés de Taramancos e a ruptura do marco xeracional». *Madrygal (Madr.)*. 6: 117-123.

RESUMEN

Antón Avilés de Taramancos vivió en Colombia desde 1961 a 1980. Esta larga estancia en este país tuvo muchas influencias literarias. Especialmente tuvo que ver con el desarrollo de las características literarias que dificultan encuadrarlo en una determinada generación. Cronológicamente pertenece a la llamada generación de las Festas Minervais, pero la poesía que escribió después de volver a Galicia comparte elementos estilísticos con algunos poetas de la generación de los ochenta. Esta aparente contradición se percibe en la manera en que esta importante figura de la poesía gallega contemporánea sobresa del marco generacional común de referencia.

VEIGA, M. 2003. «Antón Avilés de Taramancos y la ruptura del marco generacional». *Madrygal (Madr.)*. 6: 117-123.

ABSTRACT

Antón Avilés de Taramancos lived in Colombia from 1961 to 1980. His long stay in this country had many literary implications. Specifically these have to do with the development of literary features that make it difficult to categorise him in «generational» terms. Chronologically he belongs to the so-called generation of the Festas Minervais, but the poetry he wrote after his return to Galicia clearly shares stylistic elements with some poets of the generation of the eighties. This apparent contradiction accounts for the way in which this important figure in contemporary Galician poetry stands outside the usual generational frame of reference.

VEIGA, M. 2003. «Antón Avilés de Taramancos and his breaking from his generation». *Madrygal (Madr.)*. 6: 117-123.

¹ A escrita do presente artigo asentouse no labor de investigación realizado para a sección dedicada á adscrición xeracional de Avilés de Taramancos e incluída no estudo introductorio á nosa edición do seu poemario *Cantos caucanos*. Edicións Xerais, col. Biblioteca das Letras Galegas, Vigo, febreiro 2003. Complementouse así mesmo co traballo de investigación levado a cabo para a elaboración da biografía da nosa autoría: VEIGA, Martín. *Antón Avilés de Taramancos*. Edicións Fervenza, col. As Nosas Fontes, 2. A Estrada, febreiro 2003.

Ben suxestivos e interesantes resultan os estudos que Arturo Casas dedicou á análise da cuestión da periodización literaria ou á problemática das xeracións. Nos seus traballos, que derivan do consel de críticos como Karl Mannheim, propuxo Casas desvincellar a nosa apreciación das dinámicas grupais no plano literario de compoñentes biolóxicos ou positivistas, cuestionando a vivencia de factores como o da idade para o establecemento de índices clasificatorios, en beneficio de achegamentos sociolóxico-formais ou sistémicos¹.

Nas páxinas que seguen recapitulamos certos presupostos tradicionais, quizais infrecuentemente cuestionados, relativos á reflexión xeracional na poesía galega de posguerra, para constatar a dificultade que proxecta a filiación grupal de Antón Avilés de Taramancos, poeta cunha traxectoria vital complexa, fuxidía e inaprensible, que deixou impronta indeleble na súa obra poética.

Afirmar que Avilés de Taramancos pertence á terceira xeración literaria da posguerra, aquela que engloba os escritores nados entre 1930 e 1940, é un feito comunmente aceptado na historiografía literaria galega. Sen embargo, existe tamén unanimidade crítica ao salientar a profunda individualidade e as grandes diverxencias existentes nos rumbos vitais e literarios dos escritores que conforman este grupo xeracional.

Trátase, en calquera caso, dun grupo de denominación problemática, como evidencia o

desacordo reinante entre críticos e historia-dores da literatura á hora de nomealo. Entre outras propostas, Francisco Fernández del Riego, levado de certeza pola escasa perspectiva temporal que posuía con respecto a este grupo no momento de escribir as súas palabras, falou del sen concretar un nome específico para o colectivo, simplemente empregando as palabras «novo núcleo xeracional», e incluíndoo dentro da corrente do que chamou «Re-xurdimento da posguerra»². Pola súa banda, Anxo Tarrío propuxo a etiqueta de «xeración dos 50»³. Xosé M. Millán Otero argumentou a súa escolla do apelativo de «xeración de 1957»⁴, e Reimundo García Domínguez, «Borobó», gustaba de aludir a aqueles escritores, mesmo durante os anos cincuenta, como «xeración de *La Noche*», en clara alusión á colaboración que, baixo os auspicios do daquela director do diario, unha grande parte dos membros do grupo levaron a cabo no suplemento literario do vespertino xornal compostelán homónimo. Mais quizais a proposta que acadou maior seguimento por parte da crítica fíxoa Méndez Ferrín, que a chamou «xeración das Festas Minervais»⁵, pola participación dalgúns escritores desta nas restauradas Festas Minervais celebradas en Santiago de Compostela, que o Sindicato Español Universitario (SEU) comezou a organizar desde 1954, e ata 1969, recuperando as que tiveran lugar a partir do século XVI⁶.

¹ Véxase como exemplo neste sentido o iluminador artigo «De impurezas, epitafios e balbordos. Lectura non só sistémica de *Fascismo*, de Chus Pato, nas coordenadas líricas dos 90», *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*, «Comunicacións», Galaxia, Vigo, maio 1997, pp. 129-148.

² FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco, *Historia da Literatura*, Galaxia, col. Biblioteca da Cultura Galega, 5, Vigo, 1995, pp. 201-211. A data da edición pode resultar enganosa, mais en realidade é a reimpresión dunha edición anterior.

³ TARRÍO VARELA, Anxo, *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*, Edicións Xerais, col. Universitaria/Manuais, Vigo, 1994, pp. 396-415.

⁴ MILLÁN OTERO, Xosé M., «Introducción» en GRANA, Bernardino, *Profecía do mar*, Edicións Xerais, col. Biblioteca das Letras Galegas, 37, Vigo, 1995, pp. 27-44.

⁵ MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luis, *De Pondal a Novoneyra. Poesía galega posterior á guerra civil*, Edicións Xerais, col. Universitaria, Vigo, 1984, pp. 255-302.

⁶ As Festas Minervais, convocadas pola Universidade de Santiago a partir de 1536 para honrar a memoria de Don Alonso de Fonseca «O Grande», acollían poesía en lingua latina, castelá e, nalgũa ocasión, tamén galega. Especial relevancia tiveron as que se celebraron en 1697, das que se conservan composicións en castelán e galego recollidas no volume *Fiestas Minervales y aclamación perpetua de las Musas*, que Antonio Fraiz editou aquel mesmo ano en Compostela. En 1954, o SEU, «en la voluntad de resucitar la tradición de las Fiestas Minervales, ornato poético de la ciudad universitaria en nuestros siglos clásicos [...] establece [...] un concurso poético-crítico, al que pueden presentarse los estudiantes afiliados al SEU de toda España, y los recientes licenciados en las Facultades Universitarias». Na terceira convocatoria, de 1956, apareceu por vez primeira a modalidade en lingua galega, que contou entre os gañadores coa presenza constante dos poetas da xeración que nos ocupa. Véxase

Onde si existe unha maior concordancia da crítica é no establecemento da nómina de escritores que forman parte do colectivo xeracional. Segundo Ferrín forman parte da xeración das Festas Minervais os seguintes poetas: Manuel María, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Xosé Fernández Ferreiro, Manuel Álvarez Torneiro, Bernardino Graña, Ramón Lorenzo, Salvador García-Bodaño, Xosé Alexandre Cribreiro e Xosé Luis Franco Grande, ademais de Avilés de Taramancos e do propio Méndez Ferrín¹¹. Pola súa banda, o profesor Anxo Tarrío incorporou outros autores como José Ángel Valente, Xoán Xosé Fernández Abella e Xesús Santos Suárez, ademais de contar con dous poetas máis que pola cronoloxía non pertencen á década 1930-1940, pero que actúan como antecedente e continuador, respectivamente, de certas liñas estéticas comúns ao grupo. Trátase de Manuel Cuña Novás e da primeira etapa poética de Arcadio López Casanova. Sen embargo, un destes escritores, Salvador García-Bodaño, manifestou nunha entrevista que non consideraba membros da xeración aqueles poetas que, sendo contemporáneos, se mantiveron ausentes dos círculos universitarios, como Avilés, Novoneyra ou Manuel María. E concluíu: «Entendo que a dita xeración pertencen unicamente aqueles poetas que participamos nas Festas Minervais, porque hai algúns estudiosos que inclúen nesa xeración a xente que non participou»¹².

Caracterízanse por non ter unha vivencia directa da Guerra Civil, malia se criaren na sociedade inmediatamente posterior e, xa que logo, coñeceren ben os seus efectos, persoal ou indirectamente, en termos de represión ou supresión de liberdades e dereitos civís, como aconteceu no contorno familiar máis próximo de

Antón Avilés¹³. Como todo grupo xeracional, compartiron ademais, aínda que non todos eles, a participación en variadas empresas culturais ou feitos colectivos, que Ferrín detallou como segue¹⁴: a restauración das Festas Minervais compostelás, a colaboración no diario *La Noche*, a creación da colección «Illa Nova», a fundación en Madrid da editorial e do grupo «Brais Pinto» e a aparición do nacionalismo revolucionario. García-Bodaño aludiu a outros trazos estilísticos compartidos e á diversidade estética xacente na unidade grupal: «A característica común foi romper co formalismo da tradición, abrirse á universalidade, facer cousas novas. Non había unha estética común, e cada un foi polo seu lado, abriu camiños distintos»¹⁵.

Moitos destes escritores seguiron rumbos vitais e literarios diferentes, o que implica que, a pesar de que algúns deles sintan certa conciencia xeracional, as súas traxectorias son, en todo caso, ben diversas. Segundo Tarrío, o desencanto ante a dictadura franquista e outros elementos contribuíron á dispersión do grupo¹⁶:

A desesperanza e o escepticismo diante dunha dictadura que semellaba interminable, o encrespamento e as desavenencias políticas decantadas, ás veces, por matices ideolóxicos, e outras, quizais, por personalismos ou ambicións indefinidas, produciron en moitos membros deste grupo de poetas un sentimento de xeración perdida. Un sentimento que, se foi e segue a ser deplorable para Galicia, por canto entre eles é doado detectar mentes de grande valía, foimo tamén para a literatura galega, toda vez que empeceu, cremos nós, unha produción literaria máis abundante e continuada.

Como consecuencia, e pese a que algúns destes poetas mantiveron un ritmo intenso de produción poética, como é o caso de Manuel María, outros, como Manuel Cuña Novás, Ra-

se «Fiestas Minervales». *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. XIII, Silverio Cañada, Santiago de Compostela-Xixón, 1974, pp. 10-11.

¹¹ MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís, *De Pondal a Novoneyra*, ed. cit., p. 272.

¹² Pino, Concha, «Escollín unha poesía intimista amorosa na que a muller é un complemento existencial», *La Voz de Galicia*, 3 marzo 2003, <www.lavozdeg Galicia.com/especiales/biblioteca120/noticia.jsp?TEXTO=1142070>.

¹³ O pai do poeta, Severiano Avilés Outes, estivo brevemente na cadea durante a Guerra Civil, e logo padeceu as consecuencias da represión, que o obrigaron a se agachar unha tempada no faiado da súa casa, con frecuencia requisada a medianoite.

¹⁴ MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís, *De Pondal a Novoneyra*, ed. cit., p. 259.

¹⁵ Pino, Concha, «Escollín unha poesía intimista amorosa na que a muller é un complemento existencial», ed. cit.

¹⁶ TARRÍO VARELA, Anxo, *Literatura galega*, ed. cit., p. 415.

món Lorenzo ou Xosé Fernández Ferreiro, optaron polo silencio poético case definitivo, ou por unha obra de aparición moi espaciada no tempo, tal Alexandre Criebeiro ou Xosé Luís Franco Grande.

O particular e persoalísimo percurso biográfico de Avilés de Taramancos, que afectou de maneira decisiva á construción do seu propio discurso poético, determinou notablemente o ritmo natural da súa produción literaria e da súa presenza editorial, deste xeito condicionando a súa adxeración á xeración que cronoloxicamente lle corresponde. A súa ausencia física de Galicia entre 1961 e 1980 significou tamén ausencia case total dos medios editoriais galegos entre 1959, ano da publicación de *A fructa i o garamelo*, e 1982, en que publicou o volume compilatorio *O tempo no espello*, de xeito que en realidade compuxo a súa obra lírica de madureza nun período de a penas doce anos, ata a súa morte en 1992.

Durante os anos cincuenta, mentres residía na cidade da Coruña, á que se desprazara en 1953 por imperativo paterno para levar a cabo estudos de Náutica¹¹, estableceu lazos de amizade con moitos dos membros da chamada xeración das Festas Minervais, como Manuel María, Xosé Novoneyra ou Mamel Álvarez Torneiro, e posteriormente coñeceu e tratou a Salvador García-Bodaño, que xogou un papel

importante na recuperación da súa figura para a literatura galega¹². Ademais, selou un compromiso que sería xa definitivo co nacionalismo de esquerdas¹³, colaborou no xornal *La Noche*¹⁴, e obtivo un accésit no premio de poesía da colección «Brais Pinto» polo poemario *Pequeno canto* en 1959¹⁵. Daquela época datan as obras fundamentais da chamada «Escola da Tebra», mais a obra lírica de Avilés nada ten que ver cos seus presupostos, pois fronte á influencia do angustiadoso existencialismo europeo, Avilés propoñía unha poética luminosa e vitalista, máis próxima ao hilozoísmo de Amado Carballo e outros poetas da xeración do 36. Xa que logo, malia certas coincidencias xeracionais detectables durante a súa época de mocidade e acaso lóxicas nun marco cultural de amplitude limitada como a Galicia da posguerra, o certo é que Avilés non resulta facilmente reducible a ámbito xeracional ningún, primordialmente debido, xa se dixo, a que a súa estadia en Colombia entre 1961 e 1980 supuxo un longo período de ausencia do mundo literario galego, só interrompido pola publicación dalgún poema solto e pola aparición, en 1971, da «Noticia de Avilés de Taramancos»¹⁶.

Durante este período, Avilés nunca deixou completamente de escribir, aínda que pasou por longos períodos de seca creativa, obrigado polas esixencias dunha vida non sempre

¹¹ Avilés nunca completou os seus estudos porque, segundo propia confesión, no segundo curso non lle concederon o certificado do SEU, imprescindible para continuar a carreira. Ademais, o seu interese polo mar tiña unicamente un compoñente estético e vital asociado á súa memoria de infancia.

¹² Aconsellado por Manuel María e Xosé Novoneyra, adoptou o nome literario polo que é coñecido, Antón Avilés Vinagre. Con Álvarez Torneiro compartiu as múltiples e en chisco extravagantes actividades da «Peña Amanecer», colectivo xuvenil de afeccionados á poesía na Coruña dos anos cincuenta. García-Bodaño significou para Avilés o venecello con Galicia durante a súa prolongada estadia colombiana, mediante a correspondencia que mantiveron de maneira case constante.

¹³ O propio autor fixo referencia ao chamado «Xuramento de Laracha», pacto que concertou xunto con Xohan Casal, Reimundo Patiño, Enrique Iglesias e Eduardo Martínez: «Naquela noite de 1954 veláramos as armas e fixéramos do lume e dos montes pondalianos a testemuña da nosa adicación até a morte, folgo a folgo, por unha Galiza ceibe e popular». AVILÉS DE TARAMANCOS, Antón, «Na morte de Reimundo Patiño. Soñar en vegliota», *Obra viva*, ed. de Ana González Vázquez, Edicións Lantovo, Santiago de Compostela, 1992, p. 17.

¹⁴ Nas páxinas do xornal compostelán publicou Avilés un fermoso texto en prosa titulado «Carta gnómica a Urbano Lugrís» no ano 1959, e o poema «Veleiro entrando na ría» en 1960.

¹⁵ O premio incluíu a publicación da obra pero, debido aos problemas económicos da editorial, non viu a luz ata 1982, integrada en *O tempo no espello* xa co título de *Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto*.

¹⁶ Trátase dunha semblanza do poeta e das súas aventuras americanas elaborada por Salvador García-Bodaño a partir de tres cartas que Avilés lle mandara desde Colombia. A súa publicación, xunto cunha escolma de textos de *Os poemas da ausencia*, estimulou o xurdimento nos círculos literarios galegos dun sentimento de admiración ante a figura exótica de Avilés e as súas singulares andanzas por terras tan distantes. Apareceu en *Crnal*, 31, Vigo, xaneiro-marzo 1971, pp. 63-66.

doada, como el mesmo escribiu en 1979 respecto a *Os poemas da ausencia*²⁰:

Vinte anos de ausencia na flor da mocidade trocan radicalmente a vida dun home. Vivir / sobrevivir vólvese a razón primaria do emigrado. Non hai tempo para gaítas nin para poemas. Erguer un fogar en terra allea, así como outra cultura e outra paisaxe, construír inconscientemente outra patria é unha tarefa na que a poesía se vai afogando pouco a pouco no silencio.

Aínda así ó longo do tempo — ás veces catro ou cinco anos sin escribir ren — é ó longo dos camiños da América do Sur, sacudíume ese vello tremor atafegado e ahí van as pobres rosas do meu desterro.

Aludiu tamén ás características do seu proceso creativo e aos efectos que a falla de contacto coa lingua galega, provocada pola súa permanencia prolongada en Colombia, estaban a producir no seu idioma nunha carta escrita en xaneiro de 1970 e dirixida a García-Bodaño:

Escribo a ráfegas, como os furacáns: ao mellor pasan dous ou tres anos nos que non escribo unha palabra. Non teño libros en galego, e o idioma váise me aciriollando. Cando me sento a escribir teño que fecharme como se estivera parindo. En quince días escribo un libro. Despois racho todo ou déixoo así. Son incapaz de corrixir, de volver a refacer. Non teño tempo nen paz pra domear o verso ou a palabra.

Á súa conciencia xeracional puido verse, polo tanto, condicionada pola súa traxectoria vital, que afectou á súa dedicación á escrita e provocou a imposibilidade física de manter o contacto coa lingua e a literatura galegas durante case vinte anos, se ben mantivo constante relación epistolar con García Bodaño e aos poucos foi xuntando algúns libros galegos na súa biblioteca persoal, sobre todo a partir de 1970, cando se desprazou coa familia de Bogotá a Cali.

Á dificultade que implica a súa adscrición xeracional quizais contribuíse ademais o feito de que o longo período de tempo pasado en Colombia supuxo que Avilés entrase en contacto cun mundo referencial novo, unha nova paisaxe, un novo contorno vital e literario. No poema «Primeiro canto», correspondente a *Cantos caucanos*, a voz

poética expresou a fonda mudanza no eido persoal que instaurou a experiencia colombiana, e que converteu a Avilés nunha persoa diferente á que marchara a Colombia anos atrás²¹:

Non hai regreso, avoa,
nunca
regresa o mesmo home
ao mesmo sitio.

Ademais, o seu mapa de influencias literarias transformouse e remodelouse por mor da súa residencia en América, outorgándolle á súa obra poética un carimbo propio dificilmente asociable ao doutros escritores galegos coetáneos. El mesmo detallou nunha entrevista unha nómina de escritores cos que a súa obra estaba imbricada, salientando nomes como o do colombiano León de Greiff, os chilenos Pablo de Rokha e Nicanor Parra, os brasileiros Manuel Bandeira, Afonso de Guimaraes, Olavo Bilac e João Cruz e Sousa, así como Saint-John Perse e Aimé Césaire²².

O definitivo regreso de Avilés a Galicia no ano 1980 e a publicación de *O tempo no espello* en 1982 propiciaron a súa asimilación ás xeracións de poetas que comezaban a publicar naquel momento, en especial o grupo coñecido na actualidade como xeración dos oitenta, aínda que obviamente seguiu a manter relacións de colaboración e de amizade cos escritores da súa natural xeración literaria. A súa estreita relación coa xeración de poetas novos dos anos oitenta foi aceptada polo propio Avilés de Taramancos en varios testemuños, como na entrevista mencionada²³:

Cando decidín voltar a Galiza, porque vía que se comezaban a dar unha serie de condicións políticas que permitían a miña vinda para reintegrarme no movemento de loita polas liberdades, pncsci que a maneira de entrar novamente dalgún xeito na miña patria era dar todo o mellor que levaba dentro de min e que gardara durante os anos de ausencia. Abrollou entón o labor poético, o cultivo da poesía, e nisto influíu o contacto cos poetas máis novos cos que me atopo con frecuencia e, nesa medida, son como unha especie de renacido, tanto na poesía como na vida.

²⁰ AVILÉS DE TARAMANCOS. Antón, *O tempo no espello*, Edicións do Castro, Sada, 1982, p. 93.

²¹ AVILÉS DE TARAMANCOS. Antón, *Cantos caucanos*, Sotelo Blanco Edicións, Barcelona, col. Leliadoura, 5, 1985, p. 19.

²² FORCADELA, Manuel, «Avilés de Taramancos: Cos pés na terra», *Diario 16 de Galicia*, suplemento «Galicia Literaria», 17 maio 1990. Entrevista incluída tamén na páxina web «O Ximnasio de Academo», do propio Forcadela, <www.ctv.es/USERS/mforca/Critica/aviles_de_taramancos.htm>.

²³ FORCADELA, Manuel, «Avilés de Taramancos: Cos pés na terra», ed. cit.

Como indicou no texto antecitado, Avilés atopábase con estes poetas moi a miúdo, e xuntos ofreceron recitais, participaron en diversos actos culturais e en homenaxes, como a gravación dun disco con poemas de Rosalía de Castro, proxecto no que tomou parte con escritores novos como Ana Romani, Eusebio Lorenzo Baleirón, David Pérez Iglesias ou Ramiro Fonte³¹. Á parte destes motivos, máis ou menos situacionais ou contextuais, pódense considerar outras razóns de carácter estritamente estilístico para a súa integración no seo da xeración dos oitenta, que Arturo Casas esclareceu como segue³²:

Correspondendo certamente a rexistros varios, os seis libros de poemas de Avilés sométese á precisión estrutural de ritmo e *dispositio*. Suxéitanse todos a un eixemático harmonizador que en casos prima desenvolvementos esteticistas e serenamente culturalistas, e noutros organiza unha emotividade de difícil contención léxica e sintáctica, orixinadora de versos e series estróficas apoiados na enumeración e noutros procedementos amplificatorios de marcada propensión descritiva e plástica, máis propios da oda ou da sonoridade himnica que da introprección elegíaca. Trátase de marcas que facilitaron que, tras o regreso do poeta a Galicia, a xeración dos 80 o acollese como un membro máis do grupo, algo que el mesmo consentía a lecer malia asumir que por razóns de idade os seus compañeiros *naturais* na historia literaria tiñan de ser os poetas da chamada por Méndez Ferrín *xeración das Festas Minervais*.

..... Ao seu regreso comezou tamén a súa colaboración na revista *Dorna*, na que empezaban a publicar os seus primeiros traballos moitos dos poetas dos oitenta. En 1987, preguntado pola súa pertenza a algún grupo poético, Avilés foi ben explícito³³: «Non son de ningunha xeración. Paseime á xeración *Dorna*, porque despois de vinte anos podo voltar comezar de novo. E son de

Dorna porque, ao chegar, onde empecei a publicar foi en *Dorna*». O posicionamento do propio autor nos últimos anos respecto á súa situación xeracional semella claro. Por unha parte non sentía especial interese en pertencer a xeración ningunha, pois considerábase un *outsider*, un espírito independente, «nin poeta de oficio nin oficial», «un francotirador da fermosura»³⁴. Pola outra, sentíase vencellado aos poetas novos, de seguro que por mor do seu entusiasmo compartido e irrenunciábel pola poesía, e da súa capacidade para levar a palabra a onde for precisa.

A estadia en Colombia e as súas implicacións literarias, relativas ao desenvolvemento de trazos estilísticos específicos, constitúen, xa que logo, os principais factores que dificultan a adscrición xeracional de Avilés. Se desde un punto de vista cronolóxico pertence á xeración das Festas Minervais, e certos indicios da súa actividade cultural na Galicia dos anos cincuenta así o corroboran, de facto non é doado reduci-lo a xeración ningunha, se ben a súa lírica de madureza comparte elementos con algunhas liñas poéticas da xeración dos oitenta. Velai a ruptura do marco xeracional que representa a súa figura no ámbito da poesía galega contemporánea. A asimilación ás xeracións novas de poetas que comezaban a publicar as súas primeiras obras caudo Avilés regresou de Colombia significou para el o inicio dun proceso consciente de reintegración no sistema literario galego que culminou en 1992 coa publicación póstuma de *Ultima fuxida a Harar*. En certa maneira, Avilés de Taramancos principiou de novo a súa carreira literaria nos anos oitenta, e daquela converteuse tamén nun poeta novo ou tornou, como afirmou el mesmo, «unha especie de renacido, tanto na poesía como na vida»³⁵.

³¹ O disco en homenaxe a Rosalía de Castro figura datado entre abril e maio de 1983. Nel recitou Avilés, de xeito maxistral, un extenso fragmento do poema «Na tumba do xeneral inglés Sir John Moore morto na batalla de Elviña o 16 de xaneiro de 1809», correspondente a «Varia», o libro III de *Follas novas*. Ademais do seu valor estético intrínseco, este poema gardaba unha significación sentimental especial para Avilés, pois a través del coñeceu a Urbano Lugrís, lendo a placa co texto no Xardín de San Carlos da Coruña.

³² CASAS, Arturo, «Antón Avilés de Taramancos: "Ainda ferido da caída"», en PAZ GAGO, José M. e FRAGA RODRÍGUEZ, Lucía (eds.), *Cien anos de poesía. Vinte poemas gallegos del siglo XX. estruturas poéticas y pautas críticas*, Peter Lang, Nova York e Berna, no prelo.

³³ CARBALLA, Xan, «Antón Avilés de Taramancos: O poeta é o guiciro dos sentimentos», *A Nosa Terra*, 318, 19 xuño 1987. Entrevista reproducida en SÁNCHEZ IGLESIAS, Cesáreo (coord.), *Antón Avilés de Taramancos*, A Nosa Terra, col. A nosa cultura, 21, Vigo, marzo 2002, pp. 60-63.

³⁴ AVILÉS DE TARAMANCOS, Antón, *O tempo no espello*, ed. cit., p. 12.

³⁵ FORCADELA, Manuel, «Avilés de Taramancos: Cos pés na terra», ed. cit.

Referencias bibliográficas

- AVILÉS DE TARAMANCOS, A. (1992): *O tempo no espello*. Edicións do Castro, Sada, 1982 [2.ª ed.].
- (1992): *Cantos caucanos*. Sotelo Blanco Edicións, Barcelona, col. Leliadoura, 5, 1985 [2.ª ed.].
 - (1992): *Obra viva*, ed. de Ana González Vázquez. Edicións Laivento, Santiago de Compostela.
- CABALLA, X. «Antón Avilés de Taramancos: O poeta é o guieiro dos sentimentos». *A Nosa Terra*, 318, 19 xuño 1987. Entrevista reproducida en SANCHEZ IGLESIAS, C. (coord.). *Antón Avilés de Taramancos*. A Nosa Terra, col. A nosa cultura, 21, Vigo, marzo 2002, pp. 60-63.
- CASAS, A. «De impurezas, epitafios e balbordos. Lectura non só sistémica de *Fascinio*, de Chus Pato, nas coordenadas líricas dos 90». *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*. «Comunicacións». Calaxia, Vigo, maio 1997, pp. 129-148.
- «Antón Avilés de Taramancos: "Ainda ferido da caída"», en PAZ CAGO, J. M. e FRAGA RODRIGUEZ, L. (eds.). *Cien años de poesía. Veinte poemas gallegos del siglo XX: estructuras poéticas y pautas críticas*. Peter Lang, Nova York e Berna, no prelo.
- FORCADELA, M. «Avilés de Taramancos: Cos pés na terra», *Diario 16 de Galicia*, suplemento «Galicia Literaria», 17 maio 1990. Entrevista incluída tamén na páxina web «O Ximnasio de Academo», do propio Forcadela. <www.ctv.es/USERS/mforca/Critica/aviles_de_taramancos.htm>.
- MÉNDEZ FEBRÍN, X. L. (1990): *De Pondal a Novoneyra. Poesía galega posterior a guerra civil*. Edicións Xerais, col. Universitaria, Vigo, 1984 [2.ª ed.].
- TARRÍO VARELA, A. (1998): *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*. Edicións Xerais, col. Universitaria/Manuais, Vigo, 1994 [2.ª ed.].
- VEIGA, M. «Introducción» en AVILÉS DE TARAMANCOS, A., *Cantos caucanos*. Edicións Xerais, col. Biblioteca das Letras Galegas, Vigo, febreiro 2003.
- *Antón Avilés de Taramancos*. Edicións Fervenza, col. As Nosas Fontes, 2, A Estrada, febreiro 2003.